




**TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A PROVISIÓN POLO SISTEMA DE
CONCURSO OPOSICIÓN DE SEIS PRAZAS DE OFICIAL DE POLCÍA
LOCAL (4 PROMOCIÓN INTERNA E 2 MOBILIDADE
INTERADMINISTRATIVA)**

O pasado día 12 de decembro de 2018 por don Guillermo Blanco Caamaño, don José Luís Castro Eitor, don Eulogio Iglesias Solla, don Juan Manuel Arnejo Rey, don Manuel Ouro Hortas, don Rafael Vieito Gil e don Ramón Pampín Ferreiro , na súa condición de aspirantes no concurso oposición para a cobertura de 4 prazas de oficial da Policía Local polo sistema de promoción interna , presentaron no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela escritos nos que solicita que se faga pública a acta do tribunal cualificador coa puntuación na web municipal e no taboleiro de edictos do Concello e se sinala unha nova data para a celebración do primeiro exercicio da oposición.

Reunido o Tribunal o pasado 13 de decembro de 2018 para a súa valoración e unha vez analizado o contido do mesmo, en exercizo das competencias que lle son propias en virtude do establecido no artigo 7.8 das Bases xerais que rexen o proceso selectivo, acordou a DESESTIMACIÓN das alegacións formuladas ,con base nos seguintes fundamentos que foron comunicados aos aspirantes antes da realización do primeiro exercicio da oposición:

As bases xerais que rexen os procesos selectivos convocados polo Concello de Santiago de Compostela publicadas o venres 2 de xuño de 2017 regulan no seu artigo 8 os sistemas de selección, concretamente o parágrafo B do referido artigo, con respecto ao sistema de concurso-oposición establece: *"Nas probas selectivas que se realicen por este sistema, a fase de oposición , que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será previa á fase de concurso. Esta última non terá carácter eliminatorio ni porá terse en conta para superar a fase de oposición."*

No artigo 9.2 das mesmas bases, referido á cualificación do proceso selectivo, no sistema de concurso oposición establece: *"No concurso oposición a cualificación da fase de concurso farase pública polo Tribunal cualificador no Taboleiro de edictos do Concello e na web municipal no momento que determinen as bases específicas. Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso para facer alegacións"*



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Do teor literal das bases xerais despréndese que a fase de oposición será PREVIA á fase de concurso e que a cualificación da fase de concurso se fará pública cando determinen as bases específicas. Debemos pois acudir as bases específicas para determinar a forma na que procede facer a publicación dos resultados da valoración dos méritos do concurso.

Regúlase esta cuestión no artigo 8.1 que literalmente sinala: "*Rematado o proceso selectivo o Tribunal propoñerá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados por orden decreciente de puntuación*". Esta é a única referencia á publicidade da valoración de méritos do concurso.

En canto ao momento de facer esta valoración, as bases específicas, sinalan no artigo 6.1.2 "*O procedemento de oposición, que será posterior ao concurso...*"

Á vista da diferente regulación entre as bases xerais e as específicas, da ausencia de referencia á publicación da fase de concurso en ambos textos e o feito de que o concurso ten absoluta independencia da fase de oposición e os seus resultados solo afectan a aqueles que superen as probas desta última, o Tribunal realizou a valoración de méritos os días 26 de 29 de novembro e publicou o resultado con prazo de alegacións o día 14 de decembro.

Entende o Tribunal que, por tanto, non se vulnera o contido das bases polo que procede a DESESTIMACIÓN das alegacións presentadas.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2018.

A presidenta do Tribunal,

Asdo María Moreno Berguer